

### 4.3. ■ ■ ■ **prestacións económicas**

■ Á hora de aborda-la análise das prestacións económicas, o estudio divídese en catro bloques. Nunha primeira parte, abórdase o estudio dos beneficiarios e o importe medio das pensións contributivas, para analizar posteriormente a situación das pensións non contributivas, das pensións por desemprego e da renda de inserción social (Risga).

Para a realización da análise das prestacións económicas utilizarémo-los datos facilitados polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, do INEM e da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

O punto de partida do estudio recollido neste apartado é o **cadro C.4.5.** (*Beneficiarios e importe medio das prestacións 2001-02: distribución segundo tipo de cobertura*), no que se amosa un resumo dos datos de beneficiarios e o importe medio dos diferentes tipos de protección.

#### **Pensións contributivas**

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que no ano 2002 cobraba algún tipo de

pensión da Seguridade Social ascendeu a 679,0 miles de persoas, cun importe medio de 430,29 euros. O número de pensións en Galicia rexistrou unha medra respecto ó ano 2001 do 0,8% (0,9% no conxunto do Estado), manténdose a importancia relativa das mesmas no total estatal no 8,8%.

Ó igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana. No ano 2002 Galicia segue sendo a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo (430,29 euros en 2002 fronte ás 413,03 euros do ano anterior), e continúa medrando o diferencial co importe medio estatal: 81,48 euros inferior en 2001 e 85,68 euros menos no ano 2002.

Desagregando o estudio segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro C.4.6.** (*Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 2001-02: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión*) reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente foi de 57,8 miles de pensións en 2002 (57,7 miles de pensións no ano anterior). En canto ó seu importe medio, este

ascendeu ata as 507,09 euros, 92,39 euros inferior á media estatal, sendo a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia, con 482,93 euros, e Estremadura, con 482,14 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 430,1 e 165,2 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 9,4% do total das pensións de xubilación de España e o 8,0% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do estado con 479,89 e 307,21 euros, respectivamente.

O problema do baixo importe medio das pensións galegas en comparación coas outras comunidades agrávase polo feito de que segue aumentado o diferencial coa media estatal no caso da incapacidade permanente, xubilación e viuvez. No primeiro caso o diferencial respecto ó ano 2001 medra en 1,94 euros, pasando de 90,45 euros inferior á media estatal a 92,39 euros menos; medra en 5,50 euros no caso das pensión de xubilación, pasando de 102,96 euros menos en 2001 a 108,46 euros menos no 2002; e aumenta en 2,90 euros no caso das pensións de viuvez, pasando de 57,50 euros menos a 60,40 euros menos. No caso das pensións por orfandade e favor familiar o diferencial con respecto á media española, a diferenza do acontecido no ano anterior, aumenta en 0,59 euros, sendo o importe medio en Galicia 6,78 euros inferior á media estatal no ano 2001 e de 7,37 euros no ano 2002.

## Pensións non contributivas

Tal e como reflicte o **cadro C.4.7.** (*Pensións non contributivas nas CC.AA. 2001-02: beneficiarios*), o número total de **beneficiarios** das pensións non contributivas creceu en Galicia un 1,3% no ano 2002 respecto ó ano anterior, sendo este crecemento catro décimas superior ó experimentado polo conxunto do Estado. Galicia é a terceira comunidade con maior número de beneficiarios, con 54.176 beneficiarios (o 11,2% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 109.010 e 60.122 beneficiarios, respectivamente.

Tendo en conta os dous tipos de pensións non contributivas, as de invalidez e as de xubila-

ción, o devandito **cadro C.4.7.** amosa que o 40,2% do total de beneficiarios corresponde ás primeiras, e o restante 59,8%, a pensións de xubilación. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o descenso da importancia relativa das pensións de invalidez no total estatal (o 10,7% en 2001 fronte ó 10,5% do total estatal en 2002) e o aumento do peso relativo das pensións de xubilación, que pasa dun 11,4% ó 11,6% do conxunto do estado en 2002.

Co incremento destas pensións non contributivas continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, como reflicte o **cadro 4.3.1.**, rexistrouse un forte descenso do número de beneficiarios, que no caso galego, baixou un 11,8% respecto a 2001 (614 beneficiarios menos), sendo a terceira comunidade onde máis descende, en termos relativos, o número de beneficiarios destas prestacións, tras Baleares (-16,8%), Cataluña (-14,3%) e Asturias (-12,7%).

O número de beneficiarios destas prestacións en Galicia ascendeu no ano 2002 a 4.600 beneficiarios (5.214 en 2001), sendo a súa importancia relativa no conxunto de España, nos dous anos considerados, do 5,2%.

En relación ós beneficiarios das **pensións asistenciais**, o devandito **cadro 4.3.1.** amosa un descenso dos mesmos nun 31,9% respecto ó ano 2001, pasando de 1.357 beneficiarios en 2001 ós 924 beneficiarios do ano 2002. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto estatal descende do 2,3% de 2001 ó 1,9% do ano 2002.

## Prestacións por desemprego

Como reflicte o **cadro 4.3.2.**, o número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, ó igual que o acontecido no ano anterior, medra no ano 2002 en Galicia un 14,2% respecto ó ano precedente, acadando as 73.170 persoas (9.075 máis que en 2001).

Respecto ó tipo de prestación, un 51,6% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel asistencial, correspondendo o 48,3% restante, a bene-

**CADRO 4.3.1.**
**Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2001-02**

	LISMI			Pensións asistenciais		
	2001	2002	02/01	2001	2002	02/01
	(en medias anuais)			(en medias anuais)		
			(%)			(%)
Andalucía	18.575	16.522	-11,1	22.326	19.625	-12,1
Aragón	2.796	2.516	-10,0	372	300	-19,4
Asturias	3.812	3.329	-12,7	471	364	-22,7
Baleares	1.016	845	-16,8	874	665	-23,9
Canarias	1.041	936	-10,1	6.290	5.356	-14,8
Cantabria	1.627	1.455	-10,6	355	303	-14,6
Castela-A Mancha	7.086	6.473	-8,7	3.508	3.069	-12,5
Castela e León	10.728	9.721	-9,4	3.104	2.634	-15,1
Cataluña	9.995	8.568	-14,3	3.305	2.749	-16,8
C. Valenciana	9.229	8.250	-10,6	5.654	4.929	-12,8
Extremadura	7.564	6.845	-9,5	2.587	2.247	-13,1
<b>Galicia</b>	<b>5.214</b>	<b>4.600</b>	<b>-11,8</b>	<b>1.357</b>	<b>924</b>	<b>-31,9</b>
Madrid	7.297	6.602	-9,5	4.946	4.120	-16,7
Murcia	12.144	10.916	-10,1	1.683	1.426	-15,3
Navarra	-	-	-	431	327	-24,1
País Vasco	-	-	-	-	-	-
A Ríoxa	594	528	-11,1	56	43	-23,2
Ceuta e Melilla	1.281	1.182	-7,7	474	354	-25,3
<b>Total</b>	<b>99.999</b>	<b>89.288</b>	<b>-10,7</b>	<b>57.793</b>	<b>49.435</b>	<b>-14,5</b>
G/E (%)	5,2	5,2		2,3	1,9	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

**CADRO 4.3.2.**
**Beneficiarios das prestacións por desemprego 2001-02**
**2001**

	Beneficiarios			
	Contributiva	Subsidio	Renta Activa de Inserción	Total beneficiarios
	(media)			
A Coruña	13.604	12.152	535	26.291
Lugo	3.397	3.372	180	6.949
Ourense	3.347	4.952	291	8.590
Pontevedra	11.980	9.864	421	22.265
<b>Total</b>	<b>32.328</b>	<b>30.340</b>	<b>1.427</b>	<b>64.095</b>

**2002**

	Beneficiarios			
	Contributiva	Subsidio	Renta Activa de Inserción	Total beneficiarios
	(media)			
A Coruña	14.867	12.673	2986	30.526
Lugo	3.691	3.450	708	7.848
Ourense	3.642	4.630	1210	9.483
Pontevedra	13.233	9.743	2337	25.313
<b>Total</b>	<b>35.433</b>	<b>30.496</b>	<b>7.241</b>	<b>73.170</b>

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

ficiarios de prestacións de nivel contributivo. As prestacións de nivel asistencial corresponde ó 75% do salario mínimo interprofesional, que para 2002 foi de 442,20 euros ó mes.

Atendendo á distribución provincial, o **cadro 4.3.2.** amosa que tódalas provincias galegas experimentaron un crecemento no número de beneficiarios de prestacións por desemprego, sendo A Coruña a que presentou o maior cre-

cemento con 4.235 beneficiarios máis, fronte ós 3.048 beneficiarios máis en Pontevedra e os case 900 máis en Lugo e Ourense. O número de beneficiarios de prestacións por desemprego en A Coruña foi de 30.526 persoas, fronte ós 25.313 persoas de Pontevedra, e os 9.483 e 7.848 beneficiarios en Ourense e Lugo, respectivamente.

A taxa de cobertura bruta das prestacións por desemprego (**cadro C.4.10. Beneficiarios de**

CADRO 4.3.3.

**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2002: beneficiarios e presupostos**

	Beneficiarios		Importe total executado	
	Risga	AES	Risga	AES
	(en miles de €)			
A Coruña	1.825	532	520,1	412,5
Lugo	477	344	132,0	301,7
Ourense	529	340	136,3	368,1
Pontevedra	1.479	897	411,7	577,6
<b>Total</b>	<b>4.310</b>	<b>2.113</b>	<b>1.200,1</b>	<b>1.659,9</b>

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

CADRO 4.3.4.

**Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 2001-02**

	2001	2002		
	totais	totais	Risga	AES
solicitudes a resolver	4.470	4.864	2.337	2.527
presentadas no ano	4.064	4.567	2.162	2.405
pendientes do ano anterior	406	297	175	122
solicitudes resoltas	4.173	4.359	2.132	2.227
solicitudes present. / resoltas (%)	93,4	89,6	91,2	88,1
solicitudes desestimadas	1.056	1.151	520	631

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

prestacións por desemprego e paro rexistrado 2001-02), que mide a relación entre perceptores e o paro rexistrado, acadou en Galicia no ano 2002 o 52,1%, fronte ó 48,5% do ano anterior, sendo no conxunto do Estado do 59,9%. Ourense segue a se-la provincia coa taxa de cobertura máis elevada, acadando o 55,7%.

O devandito **cadro C.4.10.** reflicte un aumento da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 24,5% de 2001 ó 25,2% do ano 2002, descendendo a relación entre beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado (23,0% no ano 2001 e 21,7% en 2002).

## Renda de inserción social

O número de beneficiarios no ano 2001 da Risga ascendeu a 4.310 beneficiarios, 47 beneficiarios menos que no ano 2001, dos que o 69,0% eran mulleres. Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no ano 2002 a 12.930 galegos.

Respecto ó perfil dos perceptores da Risga en 2002, atendendo á idade dos perceptores, cóm-

pre salientar que fronte a un 10% de mulleres menores de 25 anos existe só un 5% de homes nesta idade; e que no caso de persoas entre 35 e 44 anos, fronte un 32% de mulleres atopamos un 28% de homes. Sen embargo, a porcentaxe de homes no intervalo 45 - 54 anos, o 26%, é sensiblemente superior á das mulleres desta idade, o 15%. Asemade, cómpre salientar que o 82% son persoas en paro que xa traballaran, e que un 41% son solteiros e un 28% separados.

O **cadro 4.3.3.** reflicte que o importe total pagado no caso da risga ascendeu a 1.200,1 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiarios ascendeu a 278,44 euros (263,48 euros no ano anterior).

No ano 2002, das 2.337 solicitudes a resolver (175 delas, pendentes do ano anterior), foron resoltas 2.132 solicitudes (1.612 estimadas e 520 denegadas), polo que a porcentaxe de resolución foi do 91,2%.

No concernente ás **axudas de emerxencia social**, investiuse un total de 1.659,9 miles de euros, dos que se beneficiaron 2.113 persoas (282 máis que en 2001). O total pagado en 2002 ascendeu a 1.659,9 miles de euros, sendo o emprego medio por beneficiario de 785,56 euros fronte ós

**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2001-02: solicitudes rexistradas**

	Risga		Axudas de emerxencia social	
	2001	2002	2001	2002
A Coruña	740	843	585	763
Lugo	242	257	272	340
Ourense	232	312	374	386
Pontevedra	871	750	748	916
<b>Total</b>	<b>2.085</b>	<b>2.162</b>	<b>1.979</b>	<b>2.405</b>

Fonte: Dirección Xeral de Servicios Sociais

765,35 euros. Ó longo do ano 2002 houbo un total de 2.527 solicitudes a resolver (122 penden-tes do ano anterior), das que foron resoltas 2.227 solicitudes (1.596 estimadas e 631 denegadas), é dicir, o 88,1%.

Respecto ó perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, o 68,7% son mulle- res, un 56% son persoas paradas que xa traba- llaran, un 35% son persoas solteiras e un 29%, casadas. ■

